



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández**, integrantes do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **solicitud de información**:

O proxecto de lei do emprego público, en trámite parlamentar, conseguiu concitar o rexeitamento unánime tanto das organizacións sindicais que representan de maneira lexítima aos traballadores e traballadoras públicos canto a infinidade de colectivos profesionais que viron afectado negativamente a súa situación polo devandito proxecto.

Tan masivo rexeitamento levou o PP a emendarse a si mesmo e presentar unha batería de emendas para tentar suavizar o impacto negativo deste proxecto de lei. So o decurso ulterior da tramitación parlamentar do proxecto dará claves para caracterizar esa rectificación como xenuína e fonda ou oportunista e meramente publicitaria.

Na comunicación das emendas púsoxe énfase en aspectos vencellados ás políticas de igualdade e o noso grupo ten o meirande interese en avaliar o alcance desas medidas a partires do coñecemento real do punto de partida, toda vez que a administración pública está a notar tamén o progresivo envellecemento ao non se proceder a cubrir as vacantes a causa da ortodoxia neoliberal vixente.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta o seguinte requerimento de información:

- Cantos permisos por lactación de partos múltiples se concederon anualmente dende 2009 na administración pública galega?
- Cantos baixas por maternidade rexistrou anualmente dende 2009 a administración pública galega?
- Cantos permisos por asistencia a técnicas de fecundación asistida houbo de maneira anual dende 2009 na administración pública galega?



En Compostela, a 13 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 13/03/2015 11:01:25

Yolanda Díaz Pérez na data 13/03/2015 11:01:29